

Colección **Defensoras de dereitos**

MIRIAM SUAZO

E A DIGNA RABIA

Texto **Lara Dopazo Ruibal**
Ilustracións **Marta Conde e Rotmlnas**





MIRIAM SUAZO

E A DIGNA RABIA

TEXTO Lara Dopazo Ruibal

ILUSTRACIÓNS RotmInas e Conxenia/Marta Conde

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA Adrián Estévez Iglesias

DESEÑO E MAQUETACIÓN conxenia.gal

EDICIÓN

Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social
agareso.org

Coordinadora Galega de ONGD
galiciasolidaria.org

Iniciativa Mesoamericana de Mujeres Defensoras de Derechos Humanos
im-defensoras.org

COORDINACIÓN Helena Capera Cullell

PRIMEIRA EDICIÓN Novembro de 2020

IMPRIME Deputación de Pontevedra

DEPÓSITO LEGAL PO 428-2020

DEREITOS Non se permite un uso comercial da obra orixinal nin a xeración de obras derivadas



Miriam Suazo e a digna rabia contou co apoio financeiro da Deputación de Pontevedra
Este libro foi impreso en papel reciclado e ambientalmente sostible

Defensoras semillas de cambio:

LAS HISTORIAS DE ESTAS MESOAMERICANAS PODEROSAS

La campaña "Defensoras Semillas de Cambio" nació desde la Iniciativa Mesoamericana de Defensoras para que pudiésemos mirar a los ojos -al menos a través de imágenes y textos- a esas mujeres poderosas que defienden nuestros derechos en Mesoamérica.

Las defensoras que siembran cambios en nuestra región son miles: Acá les presentamos, gracias al trabajo creativo y el esfuerzo de nuestras compañeras de la Coordinadora Galega de ONGD y la Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social, las historias de algunas de ellas, con voces, vidas y acciones que han roto esquemas en la región Mesoamericana.


Qué significa ser defensora mesoamericana que siembra cambio? Las defensoras sostienen la vida en una de las regiones más peligrosas del mundo para ser mujer y defender derechos. Este extracto del manifiesto de nuestra campaña, lo explica mejor:

"Las mujeres están en la vanguardia de las luchas por la igualdad, la justicia y los derechos humanos individuales y colectivos en Mesoamérica. Mujeres indígenas, mestizas, negras, garífunas, mujeres del campo y de la ciudad, del mar y de la montaña, mujeres madres, migrantes, lesbianas, transexuales, mujeres jóvenes, ancianas, mujeres árbol, mujeres pájaro, mujeres maíz, mujeres cora...

Mujeres que desde sus diferentes orígenes, expectativas y experiencias de vida, con su trabajo, su lucha diaria, su dignidad y resistencia, pese a los múltiples obstáculos y dificultades, contribuyen a la construcción de un mundo más justo y habitable para todas las personas.

Todas ellas son defensoras de derechos humanos: estudiantes, periodistas, campesinas, académicas, sindicalistas, maestras, tejedoras, amas de casa, parteras, artistas, empleadas, desempleadas, artesanas, raperas, vendedoras, sanadoras"

Agradecemos de nuevo el esfuerzo colectivo y el deseo de llevar los rostros y las historias de las defensoras mesoamericanas a otras fronteras.



PRESENTACIÓN

Tecer, tecer e volver tecer, aínda que sucesivos furacáns destrúan as nosas redes de protección. Disto van estas historias. Elas simbolizan todas as tecedoras de cambios que ao redor do mundo loitan para que a rabia que as indigna sexa o seu motor para a transformación.

Hai mulleres cunha enerxía extraordinaria que emana da súa empatía, da súa capacidade de soñar, que a pesar de que as súas vidas adoitan ser unha carreira de obstáculos conseguen seguir avanzando para construír nos seus barrios, na súa vilas, nas súas comunidades proxectos, movementos, asociacións, loitas polas que merece a pena seguir resistindo.

A palabra resistir está chea de peso, verbalizala parece xa en si mesmo un esforzo. Ás veces todas quixeríamos deixar de pelexar. Mais o fío, imperceptible pero firme que mantén a tensión necesaria para non esmorecer, é a colectividade. Non resistes por ti, resistes por todas. Porque antes de que as palabras resiliencia ou sororidade tivesen unha definición sobre o papel, xa existían na práctica. Porque ás veces, defender é unha obriga por máis riscos que se corran no camiño.

Este é o caso de Miriam Suazo, que fixo do feminismo, da creación de comunidade e da expresión artística unha forma de resistencia. E por iso ela é a protagonista desta historia.

Estes relatos teñen o obxectivo de contribuír a defender a quen defende e de que cada vez máis xente poida coñecer as súas loitas. Así que desde a Coordinadora Galega de ONGD, da que Asociación Galega de Comunicación polo Cambio Social (Agareso) somos parte, tecemos a nosa rede para xuntala coa rede da Iniciativa Mesoamericana de Mujeres Defensoras de Derechos Humanos e seguir así construíndo un mundo máis xusto e máis resistente aos furacáns.



Miriam Suazo lembra perfectamente onde estaba cando o furacán Mitch tomou terra. É posible que moitos dos habitantes de Honduras ou Nicaragua queiran olvidalo, pero non poidan. Todo o mundo lembra onde e que estaba a facer cando o furacán Mitch tomou terra.

Eran os últimos días de outubro de 1998. Unha tormenta tropical formada no medio do océano Atlántico foise achegando ao continente e collendo forza, ata se converter nun furacán. Pousou diante da costa norte de Honduras e, unha vez alí, foi desprazándose moi amodo, como se quixese asegurarse de que varría todo ao seu paso. Mentres o ollo do furacán se mantiña a 150 quilómetros da costa, foi movendo o seu corpo por Honduras, Nicaragua, Guatemala, O Salvador, Belice e Costa Rica. O furacán Mitch trouxo consigo choivas torrenciais, inundacións, correntamentos de terra e ventos intensísimos. Demostraba así que era certo que un furacán podía varrelo todo.

Honduras ficou devastada. Máis de seis mil persoas mortas, máis de oito mil desaparecidas, miles de feridas, centos de miles de damnificadas e un país completamente anegado e arrasado. Cando a auga marchou, debaixo dela agromou a catástrofe.

O furacán Mitch marcou un antes e un despois na historia recente de Honduras, un país que xa antes do furacán era vulnerable e empobrecido, e que despois del se debilitou e empobreceu aínda máis.



POR QUE O FURACÁN MITCH PROVOCOU TAL CATÁSTROFE?

O furacán Mitch foi un dos fenómenos naturais máis destrutores das últimas décadas en Centroamérica. Nel déronse varias circunstancias a un tempo: desprazouse moi lentamente, polo que o efecto das chuvias se intensificou por máis tempo. Os ventos superaron os 250 km por hora e choveu en cinco días máis do que chove en Galicia nun ano enteiro. Os ríos desbordáronse, as casas, as estradas e os camiños desapareceron baixo a auga e a lama, moitas vilas e cidades ficaron incomunicadas, os cultivos foron arrasados e o gando morreu.


O furacán Mitch acadou o grao 5, o máis alto na escala Saffir-Simpson, e o seu impacto sobre a zona foi terrible. Algúns estudos sobre os seus efectos determinaron que este furacán supuxo máis de vinte anos de atraso social e económico en Honduras, e aumentou aínda máis os niveis de pobreza e exclusión social, estendéndose a unha porcentaxe maior da poboación dos países centroamericanos máis afectados. Foi un desastre que partiu en dous a historia de Honduras e marcou a vida da súa poboación nas últimas décadas.

Hurricane Mitch
October 26-November 5, 1998


+ 1
- 3
- 5
- 7
- 10
- 15

QUE FOI O QUE ACONTECEU CANDO O MITCH PASOU?

Pois aconteceu que estaba todo desfeito. Houberon de ser reconstruídas as infraestruturas, as vías de comunicación, os edificios e as casas. A forma das cidades cambiou e o prezo da terra subiu, especialmente na capital. A poboación máis afectada polo desastre (as clases traballadoras e as persoas que vivían en comunidades rurais adicadas á agricultura e a gandaría) non foi a máis axudada, e isto produciu un empobrecemento severo e migracións masivas, sobre todo aos Estados Unidos. Posto que os que migraron foron principalmente os homes, miles de mulleres quedaron soas ao cargo das súas familias e fogares.



Miriam Suazo lembra perfectamente onde estaba cando o furacán Mitch tomou terra. A organización na que traballa participou no apoio ás persoas afectadas polas escorregadas e derrubes provocados polas chuvias. Miriam estaba naqueles días nun barrio obreiro da periferia da capital. Lembra que as persoas que a rodeaban o perderon todo: as súas casas, as súas familias. Algunhas puideran milagrosamente salvar as súas fillas e fillos coas súas propias mans. Aquelas mulleres coas que Miriam Suazo traballaba, rexurdiron da destrución e da catástrofe con enerxía, contaxiándolle a súa forza e a súa vitalidade.



Para pescudar e reflexionar

Algúns informes da **ONU** sobre catástrofes naturais indican que unha de cada catro persoas no planeta está en risco alto de padecer unha catástrofe ou desastre natural de diferente magnitude. O cambio climático non fixo senón aumentar a frecuencia e intensidade dos fenómenos naturais como as tormentas tropicais ou as secas.

A resiliencia é a capacidade dunha comunidade e as persoas que a compoñen para se recuperaren das crises e os desastres. Isto implica que existan políticas públicas e mecanismos institucionais que apoién os procesos de recuperación despois dos desastres, sexan estes da magnitude que sexan. Nalgunhas zonas do planeta especialmente vulnerables ás catástrofes naturais, como é o caso de Centroamérica, a prevención é fundamental.

- Sabes cales son as zonas do planeta máis vulnerables a sufrir desastres por causa de fenómenos naturais como tornados, tremores de terra, maremotos ou secas intensas?
- Que mecanismos de prevención e mitigación se poden aplicar nestas rexións do planeta para prepararse diante dos desastres?

resiliencia
(Do lat. *resiliens*)
**Capacidade de adaptación
dun ser vivo fronte a un
axente perturbador ou un
estado ou situación
adversos.**



PERO... QUÉN É

MIRIAM SUAZO?



Remontémonos unhas cantas décadas atrás. Agora procuremos un dos moitos barrios obreiros que comezaron a construírse na periferia da capital de Honduras, Tegucigalpa, para acoller a poboación crecente que se trasladaba desde as zonas rurais á cidade a traballar, a partir da segunda metade do século XX. A un deses barrios chegou Miriam con pouco máis dun ano de idade, xunto á súa familia.

Ela era, precisamente, a razón pola que se mudaran á capital. Durante a campaña de vacinación da **poliomielite** a ela aplicáranlle unha vacina caducada, e ficou máis vulnerable á enfermidade. Cando tivo os primeiros síntomas, non había especialistas que puidesen determinar que era o que lle acontecía e a familia enteira mudouse a Tegucigalpa buscando unha mellor atención médica especializada.

A súa infancia foi un chisco diferente á dos demais nenos e nenas da súa idade. Xogaba e asistía á escola como as demais, pero ata os seis anos non se puido mover por ela mesma, porque a poliomielite que padecera lle impedía camiñar. Aos sete anos operárona e desde entón puido comezar a moverse coa axuda dunhas muletas que serían o seu apoio dende entón.

Para ela aqueles seis anos sen camiñar, e despois as muletas, non foron razón para que na súa casa a trataran diferente. A súa nai repetíalle constantemente que ela non era unha persoa enferma, que podía facer calquera cousa exactamente como podían os demais nenos e nenas da súa idade. E se había que axudar na casa, ela axudaba igual ca o seu irmán. E asistía á escola igual ca seu irmán. E xogaba e facía todas as cousas que se fan mentres se é nena, como facía seu irmán e o resto de nenos e nenas que vivían no seu mesmo barrio.


Quen lle pregunte a Miriam Suazo sobre esta particularidade da súa infancia, escoitará dicir que na súa casa nunca se pronunciaron as palabras **discapacidade** nin invalidez. O que a súa nai repetía unha e outra vez era que Miriam podería facer todo o que ela quixese, que podía soñar sen límites. E tanto llo repetiron, que Miriam estaba convencida de que así era e como tal se comportaba; moitas veces a xente ao seu redor nin sequera lembraba que levaba muletas.



Cando era nena Miriam Suazo soñaba con ser profesora, e encantáballe ler e dar discursos porque nunca lle deu medo falar un público e sempre foi a delegada da súa clase. Ao comezar a secundaria debía desprazarse desde o seu barrio a outra parte da cidade para chegar ao instituto, pero isto non a botou para atrás: ela quería chegar a estudar na universidade, e ter que coller o autobús todos os días non había ser impedimento para conseguilo.

A secundaria abriulle unha nova perspectiva do mundo. As súas profesoras foron quen de espertarlle a conciencia crítica, aprendéronlle a analizar a realidade desde diferentes perspectivas, e reflexionar sobre o que significaba ser nova, estudante e de clase traballadora. Comezou a entender a situación do seu país, a súa historia recente e como era e que facía o goberno. Movida por unha necesidade grande de transformar o que a rodeaba, entrou a formar parte do movemento estudantil naqueles anos máis duros da militarización do país. Uns anos, na década dos 80, nos que as persoas que loitaban polos dereitos sociais en Honduras foron duramente perseguidas; mentres moitas tiveron que exiliarse, outras moitas desapareceron.





Para pescudar e reflexionar

- Que cres que significa que moitas das persoas que eran perseguidas polo goberno “desapareceron”?
- Sabes se isto aconteceu noutros países?
- Con que tipo de gobernos adoitan suceder estas “desaparicións”?





No instituto, sendo parte do movemento estudantil, Miriam Suazo comezou a entender o que significaba ter discapacidade, posto que por primeira vez na súa vida non podía facer algunhas das actividades que si facían os seus compañeiros e compañeiras, como asistir ás manifestacións públicas moitas veces reprimidas pola policía: ela non era quen de correr se facía falta escapar e ademais era moi fácil identificala. Pero, con ese carácter e ímpeto que tiña, non estaba disposta a deixar de participar, e así comezou a colaborar noutras actividades, como a elaboración de pancartas, a copia e distribución de comunicados ou a elaboración de estratexias e propostas de acción para o movemento. Durante os anos de militancia estudantil aprendeu dúas leccións moi valiosas: a primeira, que tiña que recoñecer os seus límites e aprender a coidarse a si mesma; a segunda, que a inxustiza e a desigualdade a indignaban profundamente.



ALGÚNS DATOS PARA ENTENDER COMO É HONDURAS

- Honduras é un país centroamericano que fai fronteira con Guatemala ao norte, O Salvador ao oeste e Nicaragua ao sur. Ten unha costa non moi extensa pola banda do océano Pacífico e unha costa máis longa pola banda do océano Atlántico.
- É un país pequeno se o comparamos con algúns dos seus enormes veciños de continente, como México, Brasil ou os Estados Unidos. Pero non tan pequeno: a súa extensión é case equivalente á que ocupan Galicia e Portugal xuntas.
- Ten unha poboación de case dez millóns de persoas. Máis da metade da súa poboación ten menos de 25 anos. É, polo tanto, un país de xente nova.
- A agricultura é a principal ocupación da poboación. Isto é, o 30% das persoas que traballan, fano na agricultura.
- Honduras é un país moi desigual, un dos máis desiguais de América e do mundo. Isto quere dicir que a riqueza está mal distribuída entre a poboación. Máis da metade da poboación vive en situación de pobreza (un 55,7%), e a meirande parte desa poboación en pobreza está nas zonas rurais.
- As mulleres levan a peor parte, posto que 6 de cada 10 mulleres que viven en zonas rurais, o fan en pobreza extrema. A pesar de que elas son o 43% das traballadoras agrícolas, só un 8% delas son donas de terra.
- Un dos grandes problemas que enfrontan as comunidades **indíxenas** e rurais é a usurpación de terras para a explotación mineira ou a instalación de hidroeléctricas. A violencia e agresións contra líderes e lideresas indíxenas e rurais, aquelas que defenden os territorios e bens comunais das súas comunidades, non deixou de medrar nos últimos anos.
- A violencia é outro dos grandes problemas estruturais de Honduras. Unha violencia que ten múltiples rostros e niveis: a que exercen os corpos policiais e as forzas do estado, a que exercen as **maras**, a violencia machista que padecen as mulleres polo feito mesmo de ser mulleres, os **feminicidios**, as agresións a defensores e defensoras de dereitos humanos e activistas, a violencia homófoba...






A historia recente de Honduras é complexa e está ategada de golpes de estado, políticos corruptos, militarización das rúas e represión da poboación. Un país no que non é fácil alzar a voz para protestar ou denunciar. Neste contexto de represión, violencia e inxustiza, medra en Miriam a consciencia do rol que políticos e militares xogaban na situación do seu país, e medra tamén o seu desexo de loitar por cambiar as condicións de vida da maior parte da poboación, aquela que máis afectada estaba pola desigualdade social e a falta de oportunidades. A esa gran maioría pertencían ela, a súa familia e mais o seu entorno máis próximo.

A primeira organización á que pertenceu, despois do movemento de estudantes, foi unha asociación xuvenil organizada polos mozos e mozas do seu barrio. Naquela altura, o lugar no que vivían tiña moitas carencias (non había acceso á auga, non existían espazos de lecer) e apenas existían **organizacións civís** ou comunitarias. As persoas adultas traballaban todo o día, e os mozos e mozas organizáronse na procura de melloras; ninguén se conformaba con como estaban as cousas no lugar no que vivían. Aquela foi unha escola marabillosa para toda esa xeración, porque aprenderon a construír soños desde o colectivo, a traballar para a comunidade e para o beneficio de todos e todas. Asociarse e loitar conxuntamente cambioulles a vida, a cadaquén dun xeito distinto.

Para entón xa Miriam estudaba na universidade. Escollera a carreira de Enxeñería Química, porque de certo que a química lle encantaba, mais axiña se decatou de que eses estudos non a conectaban con aquilo que ela se fora construíndo, e que tiña moito máis que ver con socializar, con traballar con persoas, con construír outras formas de pensar e de relacionarse coas demais. Así que cambiou a Enxeñería Química polo Teatro. E foi o teatro o que lle deu unha ferramenta poderosa para a transformación social, e o que lle abriu o camiño para chegar ao feminismo.

Facía teatro cando coñeceu unha das fundadoras do Centro de Estudos de la Mujer - Honduras (CEMH). Daquela, o Centro estaba a apoiar procesos organizativos con adolescentes e mulleres novas en barrios moi semellantes ao de Miriam: barrios que se estaban a desenvolver aínda, sen acceso á auga e con problemas de enerxía, onde as persoas adultas traballaban como asalariadas e había moita violencia. Convidárona a deseñar unha proposta de obradoiro de formación para mulleres novas utilizando o teatro como ferramenta. E despois desta proposta veu outra, e outra máis, e outra. Foi adquirindo experiencia, acompañando diferentes colectivos de mulleres con procesos e identidades diversas, e xa quedou alí para sempre.



Para pescudar e reflexionar

As historias persoais das defensoras e defensores de dereitos humanos son o mellor exemplo de que o primeiro paso para cambiar o mundo é transformar o que nos rodea, o noso contexto (a nosa familia, o círculo das nosas amizades, o lugar no que estudamos, no que vivimos...). Calquera cousa, por mínima que poida parecer, que transforme o noso contorno, terá un impacto positivo a nivel global.

- Que cres que significa a frase “pensar global, actuar local”?
- Que accións cres que están da túa man para mellorar o lugar no que vives ou a vida das persoas que te rodean?
- Na historia de Miriam Suazo faise énfase na forza das accións colectivas. Por que cres que é así?



O CEMH converteuse nunha escola de vida para ela. Alí traballou acompañando mulleres que vivían en situacións de maltrato e violencia. Alí tamén aprendeu como facer do feminismo o seu proxecto de vida, aprendeu a repensarse a si mesma desde a súa condición de muller pobre e con discapacidade. Comezou a reflexionar sobre o xeito no que se naturalizan moitos comportamentos violentos e machistas, sobre os que moitas veces se asenta a relación coa familia, coas amizades, cos compañeiros e compañeiras, coa veciñanza; e aprendeu como construír novas formas de relacionarse, de recoñecerse suxeita de dereitos, de poñer límites nas diversas relacións que ía construíndo. Aprendeu tamén que, cando se achegaba ás comunidades a traballar con mulleres, ela era unha máis, e aprendeu a escoitalas e compartir experiencias con elas, a recoñecelas como compañeiras coas que constrúe desde a colectividade.



QUE É O CENTRO DE ESTUDIOS DE LA MUJER – HONDURAS (CEMH)?

O Centro de Estudios de la Mujer de Honduras é unha organización feminista adicada á promoción e defensa dos dereitos humanos das mulleres, e á loita contra ás opresións e exclusións de calquera tipo.

Procuran xerar procesos de transformación individuais e colectivos na vida das mulleres, tanto no ámbito público como no privado, para erradicar prácticas e pensamentos patriarcais que producen e manteñen a opresión, discriminación e violencia contra as mulleres.

Todos os proxectos e iniciativas que levan a cabo teñen como finalidade estes obxectivos:

- Coñecer a situación das mulleres en Honduras
- Traballar a prol da mellora das condicións sociais, económicas e culturais das mulleres en Honduras.

- Traballar man a man con grupos de mulleres e organizacións sociais en proxectos de educación, capacitación e mellora social.

E todo isto... en que se traduce?

- Campañas públicas e formación en saúde sexual e reprodutiva, dirixidas especialmente a adolescentes
- Traballo nas comunidades e barrios para a eliminación das violencias contra as mulleres e mellorar a súa seguridade
- Defensa dos dereitos laborais de sectores como o das empregadas domésticas
- Prevención da violencia machista en comunidades indíxenas
- Incidencia política: influír nas políticas públicas e nas tomas de decisións

...e moito máis!

Aprende, sobre todo, que para poder apoiar as demais tiña que coñecerse primeiro a si mesma, coas súas dificultades e fortalezas. E descubriu que toda a súa forza vén da relación coas outras e da construción doutras formas de relacionarse coas demais desde o colectivo, tecendo unha comunidade e un contorno nos que todas son suxeitas políticas, isto é, persoas que se recoñecen nos seus contextos e condicións de discriminación e de violencia, pero tamén no seu poder de transformación desas condicións e de si propias, o poder de poñer límites e apoiarse as unhas ás outras.

Traballou con mulleres que padeceran violencia e marxinación desde o acompañamento, a escoita activa, o respecto á súa autonomía e ás decisións que cada unha tomaba sobre a súa vida, a súa comunidade, o seu territorio. Puxo ao seu servizo ferramentas para transformar en forza de cambio esa rabia e indignación que producen a violencia e as inxustizas, respectando o ritmo e a historia de cada unha, sen xulgar e sen tomar decisións por outras, recoñecendo que cada unha é forte e capaz por si mesma.

E estes procesos de escoita e acompañamento a mulleres vítimas de violencia levárona a acompañar e traballar con mulleres de diferentes comunidades, achegouna a descubrir outros colectivos de mulleres centroamericanas xunto ás que se formou, e das que aprendeu moitísimo sobre novas ferramentas e metodoloxías para traballar nestes contextos de violencia.



A SORORIDADE

A sororidade é o nome co que se denomina a solidariedade e reciprocidade entre mulleres, e que se usa especialmente para referirse ao tocante ao empoderamento, apoio mutuo e loita contra a discriminación e violencia.

A sororidade é unha proposta política, posto que se basea na alianza de mulleres para traballar xuntas e liderar movementos que teñen o obxectivo de transformar a realidade social que as rodea. Pero non é algo que se inventase agora. A sororidade foi sempre unha maneira de relacionarse e axudarse as mulleres entre elas e, polo tanto, unha parte esencial do feminismo.

Miriam Suazo explícao así: “as mulleres xuntámonos e construímos solidariedade, construímos diversas redes de diversas cores. Xuntámonos para vencer o medo, o medo que nos produce a violencia estrutural, a violencia estatal, institucional, machista, patriarcal, capitalista, racista. Esta é a maior fortaleza que temos, tecer xuntas e defender a vida; e defendémola desde a alegría e a esperanza, porque as feministas sempre apostamos pola vida, pola defensa da vida”.

No ano 2009 prodúcese un golpe de estado en Honduras. Se as institucións e o estado de dereito eran xa débiles antes do golpe, desde 2009 sufriron un deterioro maior e constante. O poder concentrouse por completo nunhas poucas man, o país militarizouse máis aínda, e a resposta a calquera protesta social é a violencia e a represión. Aumentaron os asasinatos de activistas e xornalistas, e Honduras converteuse nun dos países máis perigosos do mundo para os defensores e defensoras de dereitos humanos.

Tamén desde 2009 medrou a desigualdade, e agudizáronse a impunidade, a corrupción, o **acaparamento** dos bens públicos á poboación e do territorio ás comunidades para darllo en réxime de concesión a empresas estranxeiras extractivas. Neste escenario, para persoas como Miriam Suazo e as súas compañeiras da Red Nacional de Defensoras de Derechos Humanos en Honduras, da que ela tamén é parte, é imposible ficar caladas, e ser defensoras é unha obriga nun contexto de constantes violacións de dereitos humanos e agresións a persoas que defenden dereitos.

“Hai moitas mulleres nos territorios que animan e inspiran coa súa forza.”

Eles terán a forza e a maquinaria represiva, pero a este pobo aínda non lle quitaron a dignidade, pese

a toda a violencia que se vive.

“Temos unha gran resistencia a axeonllarnos.”



Para elas o risco é dobre. Son defensoras, pero tamén son mulleres. E en Honduras, ser muller comporta un risco en si mesmo, aínda que en materia de dereitos, participación política e social e oportunidades os avances foron moitos nas últimas décadas, grazas ao traballo constante das organizacións feministas e os colectivos de mulleres que, con tenacidade, foron furando nese sistema patriarcal e capitalista que rexe o país, sempre dirixido por gobernos que excluían as mulleres e as nenas das súas políticas.

Diante deste contexto tan desfavorable, o rol dos defensores e defensoras de dereitos humanos volveuse indispensable nas diferentes loitas que se levan a cabo: na defensa da terra, da auga, dos bens comunais; na defensa do dereito a decidir e de vivir unha vida libre de violencia. Diante das agresións do estado e o crime organizado, ser defensora de dereitos, erguer a voz para denunciar os abusos e as vulneracións de dereitos, é unha actividade dun enorme risco para as súas vidas.

Mais fronte ao medo pola súa vida, pola súa propia seguridade, as defensoras tecen rede e protéxense as unhas ás outras. Fronte ás adversidades, tecen esperanza. Se malia o furacán Mitch, un golpe de estado, a militarización do país, as constantes

violacións de dereitos humanos, a altísima cifra de feminicidios e ata unha pandemia, se a pesar de todas as adversidades foi posible ver avances sociais, como non haberían seguir construíndo xuntas, organizando a digna rabia para facer de Honduras un lugar mellor para todas?



GLOSARIO



Acaparamento é a acción de apropiarse de bens ou recursos en maior cantidade da que se precisa; en moitas ocasións provocando que outras persoas se vexan privadas deles.

Discapacidade a Organización Mundial da Saúde define discapacidade como unha condición do ser humano que, abarca as deficiencias, limitacións da actividade e as restricións da participación.

As deficiencias son problemas que afectan a unha estrutura ou función corporal

As limitacións de actividade son dificultades para realizar tarefas ou actividades

As restricións de participación son dificultades para relacionarse e participar en situacións vitais.

Feminicidio o feminicidio é o asasinato dunha muller polo feito de selo; é a manifestación máis extrema da violencia dunha sociedade machista e patriarcal.

Indíxena a ONU define as comunidades, pobos e nacións indíxenas como aqueles que habitaban os seus territorios orixinarios antes de ser invadidos ou colonizados por outros pobos, e que son distintos a outros sectores da sociedade, e aínda hoxe prevalecen neses territorios ou en parte deles. Estes pobos teñen a determinación de preservar, desenvolver e transmitir ás xeracións vindeiras os seus territorios ancestrais e a súa identidade, de acordo coa súa cultura, as súas institucións sociais e os seus sistemas legais.

Unha persoa indíxena, polo tanto, sería aquela que pertence a unha desas poboacións e é recoñecida como tal polo resto dos membros.

Mara nome usado nos países de Centroamérica para definir os grupos organizados de persoas, habitualmente novas, que realizan actividades violentas e delitivas e que proveñen de contextos de pobreza, desigualdade social e violencia estrutural.

Mesoamérica nome co que se define a rexión que comprende os países de Centroamérica e mais México, isto é: México, Belice, Costa Rica, O Salvador, Guatemala, Honduras, Nicaragua e Panamá.

ONU Organización das Nacións Unidas: é unha organización internacional creada en 1945, e conformada por 193 estados membros. A ONU alberga unha serie de fondos, programas e axencias especializadas, tales como UNICEF, UNESCO, OMS ou o Banco Mundial, entre moitas outras.

Organizacións civís trátase de grupos organizados de persoas que realizan actividades de acción social, e que non pertencen ao Estado nin están dirixidas por el. As ONGD son un exemplo de organizacións civís.

Poliomielite ou polio é unha enfermidade moi contagiosa provocada por un virus, e que afecta principalmente a nenos e nenas. Nalgúns casos, a enfermidade pode chegar a provocar parálise permanente en certas partes do corpo. A polio non ten cura, pero pódese previr a través da vacinación. Hoxe en día, case non hai casos de poliomielite, pero aínda non foi completamente erradicada no mundo.

RECURSOS





AGARESO

>>

Centro de Estudios de la Mujer – Honduras

>>

Coordinadora Galega de ONGD

>>

Iniciativa Mesoamericana de Defensoras de Derechos Humanos

>>

Red Nacional de Defensoras de Derechos Humanos en Honduras

>>

CEPAL

>>

Front Line Defenders

>>

Conversa ‘Defensoras de derechos: sostener a vida, sembrar o cambio’

>>

Os datos citados ao longo do texto foron extraídos das estatísticas do PNUD, da CEPAL, da UNDRR e da Organización Panamericana de la Salud e consultados en novembro de 2020.



Colección
Defensoras de dereitos

MIRIAM SUAZO

E A DIGNA RABIA

Miriam Suazo ten 55 anos e unha traxectoria de dúas décadas traballando polos dereitos humanos en Honduras. Ela é unha defensora convencida de que "as mulleres temos dereito a vivir unha vida libre de violencia e opresións, a decidir sobre os nosos territorios-corpos e ao pracer".

Defensoras de Dereitos é unha colección impulsada pola Coordinadora Galega de ONGD e a Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social xunto á Iniciativa Mesoamericana de Mujeres Defensoras de Derechos Humanos. Cada libro recolle a historia de vida e acción política dunha defensora de dereitos de Mesoamérica. Xuntos, forman un mosaico de relatos persoais e colectivos pola dignidade e a vida.

IDADE RECOMENDADA: a partir de 12 anos